



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

BASES REGULADORAS CERTAMEN DE DECORACIÓN DE ADORNOS DO NAVIDAD DE TAMAÑO GIGANTE-MEDIO CON MATERIALES DE RECICLAJE 2023

“PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O Concello de Baiona, a través da Concellería de Festexos e Medio Ambiente, organiza o presente concurso co obxecto de promover e incentivar a creatividade e implicar a poboación e a todos os sectores da sociedade baionesa na decoración do nadal coa premisa medioambiental de **RECICLAR, REDUCIR E REUTILIZAR**.

Trátase de tomar conciencia sobre a cantidade de residuos diarios que xeramos coa conseguinte problemática medioambiental, comprendendo o valor de evitar consumos innecesarios e promover a busca e descubrimento de posibles solucións alternativas aos adornos tradicionais.

Tamén é unha oportunidade de traballar en familia, cós veciños e veciñas das distintas asociacións, entre os compañeiros e compañeiras dos centros educativos e formativos da vila, etc.

A temática do concurso estará vinculada á decoración de adornos de Nadal de tamaño xigante ou medio para o exteriores elaborados na súa maioría con materiais de refugallo como papeis, cartóns, botellas de plástico, cds, tapacubos, anellas de lata, latas, tetrabriks, rodas de bici, tubos de cableado, madeiras, cortiza, teas, etc....) susceptibles de transformarse nun elemento ou peza decorativa de temática do nadal como bolas de natividade, guirnaldas, faroleiros, bonecos de neve, árbores e figuras do nadal, etc. Ditos adornos ou composicións teñen que ter a robustez suficiente para soportar as inclemencias meteorolóxicas (chuvias, vento, etc).

Quedan excluídos o cristal e a porcelana ou outros que pola súa fragilidade de rotura puidieran supoñer un risco para a poboación.

As figuras e adornos estarán expostos durante os meses de decembro e principios de xaneiro o que contribuirá a crear un ambiente do nadal orixinal e vistoso nas datas de Nadal na vila de Baiona.

Terán a posibilidade de engadir iluminación coa condición de que se garante que sexa apta para exteriores.



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

SEGUNDO: PARTICIPANTES.

Poderán participar neste concurso todos os cidadáns, institucións, centros sociais, deportivos e culturais, comercio e hostalaría local, asociacións de veciños, comunidade de festas e grupos informais, comunidade de augas e montes, centros educativos, con motivo da **Campaña do Nadal 2023-2024, dividido en dúas categorías con cinco premios á “mellor decoración do nadal con materiais de refugallo”** que o soliciten formalmente no Concello de Baiona e dentro do prazo establecido nas presentes bases.

TERCEIRO: LUGAR E PRAZOS DE INSCRICIÓN.

A inscrición para participar, se realizará na Oficina de Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica, dentro dos vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Tal e como establece o artigo 14.2 de la ley 39/2015, están obrigados a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se lle requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio de dita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderase incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- d) Quen representen a un interesado que este obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.
- e) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma na que se determine regulamentariamente por cada Administración.

Xunto coas solicitudes de inscrición é obrigatorio a presentación da seguinte documentación:

- a) Copia do CIF ou NIF do solicitante.
- b) Certificado do número de conta bancaria.
- c) Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado.

No caso dos centros educativos (ANPAS), culturais, sociais e deportivos, así como os Asociados a Coemsa ou Aceba será a propia entidade-asociación quen poderá realizar as inscricións dos seus alumnos, socios, membros, que o soliciten formalmente. Unha vez entregada a inscrición, o Concello fará entrega ao establecemento dun cartel acreditativo

como participante do concurso, o cal deberá permanecer nun lugar visible na zona que se pretende decorar durante toda a campaña do Nadal.

CUARTO: LUGAR E TEMÁTICA DO CERTAME.

A decoración do nadal irá colocada nas rúas e prazas da vila que determine a organización e deberá ter como motivo principal a ambientación do Nadal. A data para a montaxe será dende a fin de semana do 2 e 3 de decembro de 2023, terá que estar rematada o día 8 de decembro quedando expostos ata o 6 de xaneiro de 2024, ambos inclusivos.

Cada solicitante terá dereito a un punto de luz sempre que cumpran coa obrigatoriedade de ser aptas para o uso exterior e previa solicitude que se localizarán previsiblemente (segundo o número de participantes) nas seguintes rúas e prazas da vila :

PRAZAS, ROTONDAS E ALAMEDAS	RÚAS	PARQUES, XARDÍNS E PASEOS
Praza do Concello	Rúa Carabela Pinta	Parque da Palma
Alameda Carabela Pinta	Elduayen	Parque dos Tendáis
Praza de Santa Liberata	Marqués de Quintanar	Paseo Ribeira
Praza Pedro de Castro	Xulián Valverde (Sabarís)	Paseo Pinzón
Praza Padre Fernando		Parque Casa Rosa
Praza Victoria Cadaval (Sabarís)		

QUINTO: COMPROMISO DOS PARTICIPANTES NO CERTAME.

Os solicitantes que participen no certame deberán estar identificados co cartel identificativo que indique a súa participación y que deberá colocarse nun lugar ben visible na zona que se lle ubique e que lle acredite como participante do certame.

Unha semana antes do montaxe, o concello poñerase en contacto cos participantes para solicitar información sobre as dimensións das figuras ou composicións e de ser posible unha fotografía ou boceto para poder situala no lugar máis idóneo.

A decoración deberá ser retirada polos participantes entre o 7 ao 14 de xaneiro e os materiais que non se aproveiten deberán deixalos no punto limpo ou nas zonas específicas de reciclaxe en función do material empregado e segundo a súa correcta clasificación de residuos.



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

O Concello reservase o dereito a quedarse coas obras premiadas se o considera pertinente.

SEXTO: CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios de valoración (puntuación máxima en cada apartado):

1.- ORIXINALIDADE E INNOVACIÓN:

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Creatividade e orixinalidade	0-2 puntos
Calidade e innovación	0-2 puntos
Materiais de refugallo empregados na decoración do nadal	0-2 puntos
Durabilidade dos materiais empregados	0-2 puntos

2.- DECORACIÓN :

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Xerar un ambiente do nadal e vistoso	0-2 puntos
Traballo, dificultade e dedicación na elaboración	0-2 puntos
Técnica e tamaño da peza decorativa realizada	0-2 puntos
Iluminación do elemento ou peza	0-2 puntos

SÉTIMO: PREMIOS.

Establécense os seguintes premios segundo a categoría á que se presenten e en base a consignación na aplicación orzamentaria 334-48900 do Orzamento do 2023.

PREMIOS E AXUDAS:	ASOCIACIÓNS CULTURAIS, SOCIAIS, DEPORTIVAS, COMUNIDADES (VECÍÑOS, MONTES, AUGAS, ETC.), GRUPOS INFORMAIS E CIDADÁNS BAIONESES	INSTITUCIÓNS E CENTROS EDUCATIVOS REGRADOS E NON REGRADOS: ESCOLAS DE DANZA, MÚSICA, IDIOMAS, etc.
1º PREMIO	800€	800€
2º PREMIO	400€	400€
3º PREMIO	200€	200€
4º PREMIO	100€	100€
5º PREMIO	100€	100€

***Aos premios se lle aplicará as retencións previstas na vixente lexislación tributaria.**



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

OITAVO: COMPOSICIÓN DO XURADO.

O xurado estará composto por dous representantes do Concello e tres persoas destacada no municipio relacionada coa estética, escenificación, belas artes ou periodismo, designada por la Concellería de Festexos e Medio Ambiente. Actuará como Secretario/a un funcionario do Concello.

NOVENO: FALLO DO CONCURSO E ENTREGA DE PREMIOS.

Reunidos o Xurado se levantará acta das valoracións e emitirase o fallo que será ratificado por resolución de alcaldía. O fallo do xurado será inapelable.

No caso de que as decoracións non acadasen un mínimo de estética o concurso quedará deserto.

A entrega do premio terá lugar nun acto público, na que a data e o lugar de celebración se lle comunicará aos participantes oportunamente”.

Baiona, na data que figura no marxe deste documento, asinado electronicamente.

D. Jesús Vázquez Almuiña, Alcalde do Concello de Baiona.